

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A materia de Educación en Valores cívicos e Éticos pretende traballar no autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral do alumnado, e proporcionarlle ferramentas para o exercicio desta autonomía. Nesta materia o alumnado deberá reflexionar sobre temas relacionados con autoestima, ética, sociedade, valores, dereitos, medio ambiente e política. De acordo cos obxectivos e perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, esta materia debe proporcionar unha serie de recursos e ferramentas que permitan reflexionar de xeito crítico sobre cuestións éticas e adquirir conciencia sobre o medio e o papel do individuo no mesmo.

A materia orgánizase en tres bloques que pretenden cubrir os temas relevantes para o desenvolvemento do alumnado. En primeiro lugar atópase un bloque dedicado ao autoconhecimento e á autonomía moral, en segundo lugar un dedicado á reflexión sobre cuestións sociais e relacionadas cos dereitos humanos e a tolerancia, e en terceiro lugar un relacionado coa sustentabilidade. Estes bloques desenvolveranse a un nivel tanto teórico como práctico, a través de actividades adaptadas aos contidos e obxectivos de cada un deles que permitan ao alumnado coñecer cuestións éticas e cívicas relevantes na actualidade, e pór en práctica e traballar o desenvolvemento da súa capacidade crítica. Estes tres bloques están organizados en seis unidades nas que o alumnado vai reflexionando a partir das súas propias experiencias e coñecementos previos, comezando pola reflexión sobre a súa identidade e personalidade, ata chegar a un contexto global, pasando polo centro, a familia, a sociedade e outros contextos dos que forma parte.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Identidade, autoconcepto e autoestima	<p>Esta unidade didáctica está dedicada a afondar na natureza humana e o individuo, reflexionando sobre os conceptos de autoestima e autoconcepto e como os seres humanos os construímos. O obxectivo fundamental desta unidade didáctica é comprender a importancia que teñen estes conceptos para a construción crítica da propia identidade.</p> <p>Nesta unidade didáctica procurarase que o alumando coñeza os elementos que dan lugar á personalidade e reflexione sobre os factores que inflúen na construción do autoconcepto e a autoestima no contexto dunha etapa tan complexa como é a adolescencia. Estes contidos serán postos en relación con temas relevantes para o alumnado como a reflexión sobre a saúde mental, as condutas aditivas, as redes sociais ou a prevención do acoso.</p> <p>Outro punto importante desta unidade é a análise das emocións e o papel que estas teñen para a construción da identidade e para a autoestima, e a importancia da educación emocional.</p>	15	6	X		
2	Autonomía moral	<p>Esta unidade didáctica pon o foco na dimensión moral do ser humano e a importancia de reflexionar sobre as propias decisións para a construción da identidade moral. Nesta unidade didáctica preséntanse as definicións dos conceptos de ética e moral, a diferenza entre autonomía e heteronomía moral, así como a introdución a diversas teorías éticas, coa fin de que o alumnado poida reflexionar sobre a complexidade da toma de decisións de carácter moral e a importancia que isto ten na súa vida. Tamén se introduce a relación entre deber e querer como posible fonte de dilemas éticos e a reflexión sobre os valores como principios que orientan as accións.</p> <p>Nesta unidade didáctica plantearanse diversos dilemas morais ao alumnado para facilitar a comprensión do peso que a reflexión ética ten na vida cotiá. Estes dilemas estarán en relación coa súa vida</p>	20	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Autonomía moral	persoal, familiar, social e afectiva.	20	6	X		
3	Vivir en sociedade	<p>Esta unidade didáctica afonda na relación entre o individuo como suxeito moral e a sociedade como espazo no que se exerce esa dimensión moral. A unidade presenta iferentes formas de organización social e política e introduce a reflexión sobre os valores que caracterizan a democracia, poñendo o foco na importancia da tolerancia, a solidariedade e o diálogo na construción de sociedades democráticas. Nesta unidade preténdese que o alumnado comprenda a relación entre a súa identidade e o medio social e cultural, analizando como ese medio ten impacto na construción da súa identidade. Introdúcense conceptos cidadanía activa, responsabilidade e participación, e reflexiónase sobre problemas sociais relevantes na actualidade como a desigualdade, a corresponsabilidade, a diversidade e a migración. A intención é que o alumnado reflexione sobre o papel que ten nestes conflitos, e a importancia de desenvolver unha postura crítica sobre os mesmos ao ser parte da propia realidade.</p>	20	6		X	
4	A dignidade humana: respecto, dereitos e xustiza	<p>A dignidade humana: respecto, dereitos e xustiza</p> <p>Esta unidade didáctica dedícase a explorar o concepto de dignidade humana como base dos dereitos humanos, na definición e xustificación destes, e nos conflitos que existen na actualidade arredor de seu efectivo cumprimento. A unidade didáctica revisa movementos como o feminismo, o multiculturalismo ou os dereitos da infancia, o papel de diversas institucións e organismos no cumprimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os retos que se presentan na actualidade en relación ao respecto da mesma. Nesta unidade o alumnado afondará sobre o papel dos dereitos humanos, a historia e fundamentos dos mesmos, e os problemas que plantea a globalización para o seu cumprimento por igual en todos os países, coa finalidade de reflexionar sobre eles e o propio papel para a defensa dos mesmos de xeito crítico.</p>	15	5		X	
5	Sostibilidade	Esta unidade didáctica céntrase en reflexionar sobre o concepto de sostibilidade no contexto da realidade actual globalizada, e analizar os principais	15	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Sostibilidade	<p>retos que se atopa a humanidade respecto ao desenvolvemento sostible (quentamento global, esgotamento de recursos, extinción de especies, novas enfermidades e pandemias...). O alumnado reflexionará de forma crítica sobre o papel do individuo tanto no deterioro como preservación do medio ambiente, e a importancia que ten a</p> <p>Sostibilidade creación de iniciativas cun impacto ecolóxico menor para a vida na Terra das futuras xeracións. Esta unidade didáctica pretende amosar que o ser humano ten un papel activo como axente de cambio dado que todos e todas somos parte do medio, e temos unha responsabilidade nel, e que o papel da mocidade é especialmente relevante porque son a xeración que convivirá directamente coas consecuencias negativas do deterioro deste medio.</p>	15	6			X
6	Ética ambiental	<p>Esta unidade pon en relación os contidos das unidades didácticas 2 e 5 con cuestións de ética ambiental: como suxeitos morais con responsabilidade, temos un papel fundamental nos retos que existen na actualidade para preservar o noso medio de vida. Nesta unidade amosarase a necesidade de examinar de forma crítica prácticas que se dan hoxe nos contextos de consumo, ciencia, tecnoloxía e innovación dende o punto de vista da ética. Esta unidade tamén revisa conceptos da unidade didáctica 3, dado que sinala a importancia de exercer unha cidadanía activa para sinalar e tratar de cambiar prácticas que poden ser perxudiciais para a conservación do medio ambiente. O alumnado reflexionará sobre diferentes temas que na actualidade están no centro do debate ambiental como o consumo, o fast fashion, o decrecemento, o animalismo, o transhumanismo, a ética do coidado ou a intelixencia artificial.</p>	15	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Identidade, autoconceito e autoestima	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns.

UD	Título da UD	Duración
2	Autonomía moral	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Construir e resolver dilemas éticos comprendendo a complexidade da toma de decisións nos mesmos. Nomear e describir as diferentes teorías éticas e usalas de base para a resolución de diferentes dilemas éticos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en sociedade	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe da sociedade e manexar conceptos como lei, soberanía, xustiza, democracia e Estado. Comprender a dimensión social do ser humano e a súa necesidade de convivencia como fundamento da creación de sociedades.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Comprender a importancia da do individuo no contexto do grupo e valorar como a toma de decisións individuais pode afectar á colectividade.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Reflexionar sobre cuestións éticas contemporáneas e dialogar sobre as mesmas, facendo fincapé na importancia que ten reflexionar sobre estes problemas porque como membros da sociedade, todos e todas nos vemos afectados por eles.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Coñecer a función das institucións políticas nacionais e internacionais e reflexionar de forma crítica sobre o papel que teñen na realidade dos individuos.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Reflexionar de forma crítica sobre o fundamento, validez e vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñecer a función das institucións políticas nacionais e internacionais e reflexionar de forma crítica sobre o papel que teñen na realidade dos individuos. Analizar os conflitos actuais nos que os dereitos humanos non se respectan, e o papel que estas institucións teñen nestes casos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+.

UD	Título da UD	Duración
4	A dignidade humana: respecto, dereitos e xustiza	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe da sociedade e manexar conceptos como lei, soberanía, xustiza, democracia e Estado. Comprender a dimensión social do ser humano e a súa necesidade de convivencia como fundamento da creación de sociedades.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Comprender a importancia da do individuo no contexto do grupo e valorar como a toma de decisións individuais pode afectar á colectividade.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Reflexionar sobre cuestións éticas contemporáneas e dialogar sobre as mesmas, facendo fincapé na importancia que ten reflexionar sobre estes problemas porque como membros da sociedade, todos e todas nos vemos afectados por eles.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Coñecer as correntes do feminismo ao longo da historia, así como a importancia do activismo feminista e LGTBIQ+ na loita pola igualdade. Comprender a necesidade destas reivindicacións na actualidade, así como os retos pendentes no recoñecemento de dereitos.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Reflexionar de forma crítica sobre o fundamento, validez e vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñecer a función das institucións políticas nacionais e internacionais e reflexionar de forma crítica sobre o papel que teñen na realidade dos individuos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - Globalización económica e bens públicos globais. - O comercio xusto. - O valor social dos impostos. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+. - A convivencia pacífica e segura. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.

Contidos

- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
5	Sostibilidade	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Comprender que a consecución dun mundo máis xusto pasa pola análise que o consumo e a produción afectan de diferente forma aos distintos individuos no mundo globalizado no que vivimos.	TI	100
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	identificar os principais retos ambientais aos que a humanidade se enfrenta na actualidade, e valorar de xeito crítico o papel dos individuos á hora de dar resposta a estes retos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Identificar as principais institucións (governos, organismos supranacionais, asociacións, activistas) cun papel relevante na loita contra a crise climática, valorando de forma crítica o seu papel. Reflexionar sobre os comportamentos cotiás que teñen relevancia para a comprensión da crise climática.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Analizar o impacto que as accións cotiás teñen para o medio ambiente, así como investigar e propoñer alternativas sustentables.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Ser quen de identificar as diferentes emocións nun mesmo/a e outros/as, e comprender a importancia que teñen na toma de decisións en cuestións relacionadas co medio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os desafíos da democracia actual. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.

UD	Título da UD	Duración
6	Ética ambiental	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Identificar os principais retos ambientais aos que a humanidade se enfrenta na actualidade, e valorar de xeito crítico o papel dos individuos á hora de dar resposta a estes retos.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Identificar as principais institucións (governos, organismos supranacionais, asociacións, activistas) cun papel relevante na loita contra a crise climática, valorando de forma crítica o seu papel. Reflexionar sobre os comportamentos cotiás que teñen relevancia para a comprensión da crise climática.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Analizar o impacto que as accións cotiás teñen para o medio ambiente, así como investigar e propoñer alternativas sustentables.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Ser quen de identificar as diferentes emocións nun mesmo/a e outros/as, e comprender a importancia que teñen na toma de decisións en cuestións relacionadas co medio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Protección e dereitos dos animais.

Contidos

- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

consciente e reflexivo para posibilitar a aprendizaxe e o logro de obxectivos por parte do alumnado. Na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos preteñdese seguir unha serie de principios metodolóxicos usando estratexias que permitan traballalos nas diferentes unidades didácticas.

Principios metodolóxicos: a metodoloxía debe ter en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, e favorecer a capacidade dos alumnos e alumnas para aprender por si mesmos, ademais de favorecer o pensamento autónomo e o uso de distintas técnicas de investigación. Tameñ é importante escoller unha metodoloxía que permita unha aprendizaxe significativa, baseada en coñecementos previos e que permita relacionar os novos contidos con outros, construindo redes sólidas entre conceptos. Ademais está a aplicabilidade dos contidos: achegar os contidos a situacións reais e cercanas á realidade do alumnado (especialmente posible con temas relacionados con autoestima, ética, democracia e sustentabilidade), así como relacionar os contidos cos distintos campos de interese que amose o alumnado. Por outro lado interesa propiciar unha aprendizaxe activa e práctica, na que o alumnado é o que realiza diferentes tarefas que o levan á aprendizaxe, e permite acadar un coñecemento sólido e adquirilo de xeito cada vez máis autónomo. O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia non se limita a coñecementos teóricos, senón que ten en conta que para acadar unha formación integral do alumnado este ten que adquirir competencias como a capacidade crítica, o traballo autónomo, a toma de decisións e o desenvolvemento de valores como a igualdade, a solidariedade e a convivencia, imprescindibles para o seu posterior desenvolvemento na sociedade na que viven.

Respecto ás estratexias metodolóxicas, mesturaranse distintas segundo os momentos e necesidades na aula. A metodoloxía expositiva estará presente na materia, pero combinada con outras estratexias e sen ter o protagonismo. Nesta materia ten especial importancia o desenvolvemento da capacidade crítica e competencias como a expresión oral e escrita, polo que a realización de diferentes tipos de actividades na aula terá máis peso que a explicación teórica por parte do profesorado.

Educación en Valores Cívicos e Éticos non é unha materia que consista na acumulación de ideas, senón na reflexión crítica dos contidos do currículo e a relación destes con sucesos contemporáneos relevantes. As actividades da materia estarán orientadas a este fin: que o alumnado sexa quen de argumentar de xeito autónomo e crítico, ponendo en práctica os coñecementos adquiridos e competencias traballadas. As diferentes actividades estarán deseñadas para que o alumnado poida desenvolver a súa capacidade crítica e creatividade, usando distintas ferramentas para a investigación e a exposición. Neste sentido, farase fincape no uso das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Preteñdese especialmente que a metodoloxía sexa activa e motivadora, e que tenza ao alumnado como protagonista. Para isto tratarase de conectar os intereses dos alumnos e alumnas cos exemplos de cine e literatura e demais posibles intereses do alumnado que se introduzan nas distintas unidades didácticas, de forma que se vexan involucrados na toma de decisións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Distintos tipos de actividades:

Actividades introdutorias: actividades que introduzan o contido e permitan ponzele en relación con outros coñecementos previos do alumnado (sesións de preguntas curtas ao inicio dunha unidade didáctica, facer un resumo da clase anterior para introducir o contido dunha sesión, conexión dun tema cun suceso de actualidade). A avaliación inicial permite orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e adiantar os contidos que serán relevantes ao longo do curso.

Actividades de desenvolvemento: explicacións do contido de cada unidade, realización de actividades prácticas e conexión dos temas con sucesos de actualidade, analizando de forma crítica a partir dos contidos da materia. As actividades propostas serán de diferente natureza en relación coas necesidades dos contidos, coa intención de que o alumnado vaia realizando unha variedade delas que lle permitan traballar con distintos recursos e ir conectado os contidos con temas de interese para eles e elas.

Actividades de síntese: poden ser dende a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, realización de test de autoavaliación, visionado de material audiovisual, ou realizar cuestionarios ou xogos co contido das unidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos
Material audiovisual: películas, series, documentais e outros materiais proxectados na súa totalidade ou fragmentos seleccionados
Aula Virtual
Manual de referencia para o docente: Educación en Valores Cívicos e Éticos (Editorial Oxford)
Fragmentos de libros, banda deseñada e outros materiais
Noticias e reportaxes de actualidade extraídos de diferentes medios de comunicación

Peliículas, series e documentais:

- Inside Out (Peter Docter, 2015)
- Jojo Rabbit (Taika Waititi, 2019)
- Pequena Miss Sunshine (Valerie Faris y Jonathan Dayton, 2006) ¿This is England (Shane Meadows, 2008)
- Pride (Matthew Warchus, 2014)
- Silent night (Camille Griffin, 2021)
- Heartstopper (Alice Oseman 2022)
- Tavarataivas (Petri Luukainen, 2013)
- The true cost (Andrew Morgan, 2016)
- Manžana (Cyril Dion, Melanie Laurent, 2015)

Libros e cómicos

- Girlfriend in a comma (Douglas Coupland,)
- Cambio de clima (Phillipe Squarzoni, 2022)
- Persepolis (Marjane Satrapi, 2000)
- Maus (Art Spiegelman, 1980)
- Cosas que hacen BUM (Kiko Amat, 2008)

Webs con recursos:

- <https://franciscomartintorres.wordpress.com/>
- <https://lourdescardenal.com/>
- <https://losapuntedefilosofia.com/>
- <https://sites.google.com/view/philosophy-cavaleri/home?authuser=0>
- <https://sites.google.com/view/juana-de-castilla-filosofia/p%C3%A1gina-principal?authuser=0>
- <https://www.webdianoia.com/>
- <https://www.boulesis.com/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é un instrumento de utilidade para comprobar con que coñecementos previos conta o alumnado en relación cos contidos da materia, e serve para orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe, axudando a fixar un punto de partida, o nivel co que conta o alumnado, e os contidos nos que será necesario prestar especial atención ao longo do curso. A avaliación inicial de Educación en Valores Cívicos e Éticos consistirá nunha serie de cuestións introdutorias e xerais relacionadas cos contidos de cada un dos bloques da materia, que será realizada por escrito durante as primeiras horas lectivas da materia. Usarase logo como guía para as seguintes sesións. Proposta de avaliación inicial para realizar nas primeiras sesións da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos:

Nome: _____ Apelidos: _____ Grupo: _____

Bloque 1: autoconñecemento e autonomía moral.

Que rasgo dirixas que diferencia ao ser humano doutros animais?

Como defines autoestima?

A nosa personalidade: ven dada de serie ou podemos decidir sobre ela? Cres que o carácter dunha persoa pode modificarse?

Que elementos consideras importantes para definir a personalidade?

Bloque 2: ética e dereitos humanos

5. Indica se os seguintes exemplos son normas morais ou legais Non facer lume no monte en verazón

- Querer ser unha persoa sincera
- Respetar aos outros
- Levar posto o cinturoñ de seguridade cando se vai no coche
- Non fumar no interior dos bares
- Ceder o sitio no transporte público a alguen que o necesite máis

6. Cal cres que é a diferenza entre unha norma moral e unha legal?

7. Cres que todo o que é legal é moral tamén? Pon un exemplo.

8. Debemos respectar todas as leis e costumes de todos os países por igual? Por que?

9. Cres que no noso país hai verdadeira democracia? Xustifica a resposta

Bloque 3: sustentabilidade

10. Vivimos nun mundo globalizado. Saberías definir o que iso significa?

11. Sabes o que é o fast-fashion e por que se está a falar deste tema na actualidade?

12. Consideras que ti, como individuo, tes un papel importante na loita contra o cambio climático? Podemos e debemos facer algo a nivel persoal?

13. Hai alguen caso no que sexa xustificable experimentar en animais? Xustifica a resposta.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a avaliación do alumnado de Educación en Valores Cívicos e Éticos utilizaranse dous instrumentos de avaliación: por un lado, as actividades e traballos propostos para realizar na aula e na casa, tanto de forma individual como en grupo. Estas actividades avalíaranse segundo unha rúbrica que valore o grao de corrección e a medida na que as actividades están completas. Por outro lado, avalíaranse a participación, actitude e o traballo na aula a través da observación directa do alumnado, empregando unha rúbrica que permita valorar a participación e actitude. As actividades realizadas polo alumnado terán un peso do 70% e a participación un 30%.

As actividades propostas nesta materia terán un peso proporcional na avaliación, e estarán desenhadas segundo os indicadores de logro recollidos na programación, coa idea de que a través destas actividades o alumnado poda aprender os contidos e desenvolver as capacidades sinaladas nestes indicadores.

En cada unha das avaliacións a cualificación consistirá na suma das actividades e traballos cun peso dun 70% e da participación cun peso dun 30%. Acadar un aprobado en cada unha das avaliacións implica acadar un mínimo de 4,75 puntos tras aplicar as porcentaxes sinaladas.

A cualificación da avaliación final consistirá na media das tres avaliacións, tendo o nivel de progresión durante o curso.

Exemplo de ruíbrica de avaliación de actividades:

Cantidade de exercicios (30%)

¿Non entrega ningunha actividade/non ten caderno: 0 puntos

Case non entrega actividades (menos do 25%): 0-2,5 puntos

Entrega poucas actividades (entre o 25% e o 50%): 2,5-5 puntos

Entrega case todas ou todas as actividades (entre o 75% e o 100%): 7,5-10 puntos

¿Os exercicios están completos (30%)

Entrega os exercicios en branco ou directamente non os entrega: 0 puntos

Responde soz a alguna pregunta (menos da metade), deixando partes dos exercicios sen contestar: 0-2,5 puntos

Responde a algunhas preguntas (a metade ou menos) deixando alguzñ exercicio ou algunha parte deles sen contestar: 2,5-5 puntos

Responde a varias preguntas e soz deixa a alguna parte sen contestar: 5-7,5 puntos

Responde a practicamente todas ou todas as cuestións dos exercicios e non deixa partes sen contestar: 7,5-10 puntos

¿Os exercicios están correctos (35%)

Todos os exercicios son errozñeos ou están sen contestar: 0 puntos

En case todas as respostas hai erros, alguzñs deles graves : 0-2,5 puntos

En algunhas respostas hai erros (ata o 50%, estando correctas o resto): 2,5-5 puntos

Hai algunha resposta con erros, pero tamezñ varias correctas. Pode aparecer alguzñ erro grave pero en xeral son menores: 5-7,5 puntos

Practicamente todas ou todas as respostas son correctas, se aparece alguzñ erro non ez grave: 7,5-10 puntos

¿Presentación (5%)

Non se presenta: 0 puntos

A presentación ez moi desorganizada, faltan moitos elementos e exercicios, aparecen moitas faltas de ortografía: 0-2,5 puntos

A presentación ez desorganizada, falta alguzñs elementos e exercicios, con faltas de ortografía: 2,5-5 puntos A presentación ez correcta, pode faltar alguzñ elemento e aparecer algunha falta de ortografía.: 5-7,5 puntos Boa presentación, ordeada con todos os elementos e sen faltas ou algunha falta menor: 7,5-10 puntos Exemplo de ruíbrica de participación e actitude:

¿Participación (50%)

Non participa activamente nin contesta cando se lle pregunta: 0 puntos

Non participa activamente pero en ocasións contesta cando se lle pregunta, aínda que de forma breve: 0-2,5 puntos

Non adoita participar activamente pero nalgunha ocasión pode facelo, contesta cando se lle pregunta, sen estenderse moito: 2,5-5 puntos

Az veces participa activamente e sempre contesta se se lle pregunta, elaborando as respostas: 5-7,5 puntos

Participa activamente e se se lle pregunta, elaborando as respostas: 7,5-10 puntos

Non trae os materiais a clase e non prepara nada do indicado na casa: 0 puntos

Non adoita preparar o material na casa e moitas veces esquece traer os materiais a clase: 0-2,5 puntos

Az veces esquece traer os materiais e preparar o indicado na casa, pero non sempre (ata o 50% das ocasións): 2,5-5 puntos

Algunha vez pode esquecer a preparación ou material, pero non por sistema: 5-7,5 puntos

Case sempre ou sempre leva o material e prepara o indicado, estando listo ou lista para participar en clase: 7,5-10 puntos

¿Actitude e comportamento (20%)

Non presta atención na aula, interrompe sen relación ao que se está facendo na clase, faltas de comportamento: 0 puntos

En moitas ocasións non presta atención na aula e az veces interrompe sen relación ao que se está a facer. Ocasionalmente ten faltas de comportamento: 0-2,5 puntos

Az veces non presta atención e interrompe, pero non adoita ter faltas de comportamento: 2,5-5 puntos

Algunha vez pode non prestar atención pero en xeral amosa unha escoita activa, se interrompe ez por algo relacionado coa clase, non ten faltas de comportamento: 5-7,5 puntos

Presta atención activamente, respecta os turnos e non presenta faltas de comportamento: 7,5-10 puntos

Criterios de recuperación:

Aprobarázn a materia os alumnos e alumnas que acaden alomenos un 4,75 nas tarefas e actividades avaliadas ao longo de cada avaliación. Se un alumno/a non supera a avaliación pode recuperala cunha proba escrita sobre os contidos dados, e con exercicios feitos ao longo das avaliacións.

No caso de que na avaliación final ordinaria non se acade unha nota de mínimo 4,75 recorrerase a un procedemento de avaliación extraordinario, no que haberaí unha proba escrita con contidos das avaliacións suspensas e a recuperación de traballos e actividades das mesmas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de alumnado coa materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos o departamento realizaríza un seguimento, e comunicarialle ao alumnado as actividades e traballos que deberaí realizar para preparar as recuperacións ordinarias da materia. De non superar as recuperacións ordinarias, teraí opción a unha recuperación extraordinaria.

O alumnado coa materia pendente terá a opción de recuperar a materia a principio de curso cunha proba sobre os contidos impartidos no curso que non superou. Esta proba estará formada por cuestións das tratadas na clase e actividades realizadas ao longo do curso. O departamento proporcionará ao alumnado coa materia suspensa a final de curso os materiais necesarios para a preparación desta proba.

Se a proba que ten lugar a principio de curso non se supera, o alumnado terá a posibilidade de recuperar a materia ao longo do curso coa entrega das actividades indicadas polo departamento nas datas estipuladas para a recuperación de materias pendentes. O alumnado será informado a principio de curso das datas e contidos destas actividades, e se lle proporcionará o material necesario para levalas a cabo. O alumnado poderá escoller recuperar os tres trimestres dunha vez, ou dividir os contidos ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria cómpre ponzer atención aí diversidade do alumnado e na detección das súas necesidades específicas, para poder establecer mecanismos de apoio para adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe que se dean na aula. Ao falar de diversidade non soí se fai referencia aí necesidades educativas especiais que poidan presentar alguíns alumnos e alumnas, senón ter en conta a diversidade en sentido amplo que se pode atopar nunha clase: ritmos, intereses, capacidades. En función deses factores poderanse realizar modificacións na proposta de actividades e os medios escollidos para as mesmas, así como os tempos de realización e as opcións de presentación.

Dentro da diversidade da aula poden atoparse tamen alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (NEEs) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAEs), de diferente tipo. O material deseñado, as probas e a metodoloxíza deben ser flexibles de xeito que podan adaptarse aí diversidade que sempre se da nas aulas, e poder adaptarse tamen as medidas requeridas polo alumnado con necesidades específicas. Os casos de NEEs e NEAEs poden requirir a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias. Dado que para as extraordinarias requiren unha modificación do currículo e cambios esenciais na organización, e precisan autorización do centro, inspección educativa, e un informe xustificativo de orientación, as contempladas seraí sempre de carácter ordinario. As medidas ordinarias poden facer referencia a todo tipo de necesidades educativas, e consisten en adaptarse aí diversidade do alumnado adecuando o currículo sen alteracións significativas nos elementos do mesmo ao contexto do alumnado. As medidas ordinarias incluíraí as referidas aí adecuación administrativa (horarios, agrupamentos, organización da aula), programación didáctica (escollo da metodoloxíza, adaptación de tempos, incorporación ou variación de instrumentos de avaliación), medidas destinadas aí mellora da convivencia, deseño de actividades concretas.

Para a toma de medidas contarase co diagnóstico do alumno ou alumna e como este influíe no proceso ensino-aprendizaxe, e que medidas de atención aí diversidade levar a cabo.

Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémplanse medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais como a adaptación dos instrumentos de avaliación para o alumnado con dificultades en acadar o grao mínimo de consecución de un ou varios criterios de avaliación, ou a adaptación das metodoloxízas para adaptarse aos diferentes estilos de aprendizaxe que amose o alumnado. No caso de alumnado con diagnóstico de altas capacidades, as medidas de adaptación consistiraí na posibilidade de ampliación de contidos e realización de proxectos de investigación complementarios, conectando os contidos cos intereses dos alumnos e alumnas que presenten este diagnóstico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Perspectiva de xénero. Procura da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X		
ET.2 - Autoestima.	X	X				
ET.3 - Valores democráticos. Respecto e tolerancia ante as opinións diversas			X	X		
ET.4 - Pensamento crítico.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión da lectura, oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Emprendemento social e empresarial					X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico						X
ET.10 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	Actividade do 25 de novembro que terá lugar na clase e usará como fío conductor o tema de Fillas de Cassandra "A veciña do cuarto"	X		
Día Internacional da Muller	Participación nas actividades do centro celebradas polo 8M		X	
Día da Terra	Actividade dedicada á reflexión sobre o consumo e a acción humana sobre o medio			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Empregáronse instrumentos de avaliación axeitados aos obxectivos e criterios de avaliación.

Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Metodoloxía empregada
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Combínase o traballo individual e en equipo.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con atención á diversidade.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe relación co resto de materias do curso e se introducen contidos ransversais

Descrición:

Cada un dos indicadores avaliarase periodicamente ao longo do curso en función dos resultados acadados polo alumnado e a reflexión sobre a práctica docente usando unha puntuación do 1 ao 4, 4 significado consecución completa 3 consecución aceptable 2 consecución parcial e 1 non conseguido.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Indicadores para avaliar nas reunións de departamento coa finalidade de modificar a programación para adaptala as circunstancias dos diferentes grupos e curso académico. Avaliarase de 1 a 4 1 significando nada de acordo 2 pouco de acordo 3 bastante de acordo 4 completamente de acordo. Os items que non acaden o 3 serán os susceptibles de modificación.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e desenvolvemento que responda á secuenciación.
3. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc, para a recuperación e para a avaliación final e extraordinaria.
8. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
9. Contribución desde a materia aos plans de centro.
10. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados